



Vou revelar un segredo que durante máis de vinte anos ti ven acochado na intimidade: a miña correspondencia con Castelao, despois de el retornar do desterro arxentino para entrar no desterro do panteón de Bonaval. Foi o noso petrucio quen se puxo en contacto comigo, após coñecer as pancadas que a policía me dera no acto de recebimento que os nacionalistas organizamos en reproba de que o seu cadáver fose utilizado e o seu cadaleito portado polos herdeiros políticos daqueles que no '36 quedaron frustrados porque o exilio lles furtara a satisfacción de levalo ao piñeirral da Caeira. Inteirárase polos xornais. Polos xornais que o ollo de vidro aínda lle permite ler. O ollo con que agasallou o protagonista das Memorias dun esquelete, agradecido por telo inmortalizado nunha peza digna de figurar nas antoloxías da literatura universal. Isto é, dito de paso, que para atopar mestres non precisamos saír da Terra. As musas gozan tamén de boa saúde. Non vou demorarme máis neste exordio, pois non quero escurecer o artigo coa proluxa extensión do prólogo. Vaíamos ao miolo da cuestión. A carta que transcrebo responde, en primeiro lugar, ao interese de Castelao polos ideais que en vida defendeu. Non podía ser doutro xeito. Pero tamén me incita a comunicarlle a el inqedanzas que, confesadas nestes tempos de post-modernidade (a única revolución que se fixo), poden considerarse produto dunha mentalidade reseca, enferruxada pola vellice.

Entrego a *Terra e Tempo* o texto íntegro desta epístola, solicitando de antemán a benevolencia do lector, por quere-lo facer partícipe dunha rancia e aloucada interpretación da actividade política:

“Amigo Daniel:

Chámote amigo e non irmán, porque a irmandade nace do sangue e a amizade do corazón. Ti ben sabes que algúns que antes do '36 te chamaban irmán —compañeiros de sangue corrupto— cravaron despois a faca na túa memoria. Non quero dar nomes. Nas miñas anteriores procurei animarte, transmitíndoche novas edulcoradas de optimismo. Quizais fose —teño que recoñecelo— por mor de non debilitar os teus ósos, xa enfracados pola progresiva desaparición dos fluídos embalsamantes que che inxectaron antes do enterro. Para o amigo Alexandre non houbo sequera esa compensación. Tiro seco nun tépedo mencer de agosto.

Falábasme, na túa anterior, da ledicia que che causara a presenza nacionalista no cativo goberno autonómico, aínda que non ocultabas a preocupación de que esa presenza servise —por ambición ou incompetencia— para malversar o noso caudal ideolóxico. A navalla que serve para cortar, torpemente manexada, pode lesionarnos. De todo hai, querido amigo, pois por veces abrollan síntomas alarmantes de grave desorientación política. Por exemplo, os sex-shops, que baixo a epígrafe de Obradoiros sexuais desde a Xunta de Galiza se están a promover. Non te persignes, que non é cousa de meigas. Tal como cho conto. Nestes obradoiros preténdese iniciar as fémias nos praceres do erotismo, sen depender para iso de estímulos e colaboracións externas. Ti ben me entendes. Aínda que parecería correcto chamarlles escolas de masturbación, considero acertado o nome de obradoiro —o atélief francés— por ser nel o lugar onde se realizan os labores manuais, a diferenza da escola que educa para os traballos da intelixencia.

O castelo que non logrou asaltar a Ditadura pode virse abaixo polo mel que a democracia depositou na culler dos sentinelas

Temo utilizar unha linguaxe para ti descoñecida no teu tempo. Daquela, cando as mulatas te perseguían no carnaval da Habana por meterlle ciúmes a Virxinia, a economía de mercado non se introducira aínda nesta parcela sexual. Facíase todo de maneira artesanal. Hoxe existen tendas ateigadas de produtos eróticos “made in USA”, que se insinúan irreverentes desde as vitrinas das zonas comerciais. Será por iso que a promoción institucional destes artigos novidosos, máis que responder a criterios pedagóxicos, sexa servil cumplicidade coa economía neoliberal. Igual que o mercado institucionalizou o día do pai, da nai, o día do avó, tamén teremos dentro de pouco o día de... Ponlle ti o que quixeres nos puntos suspensivos.

Malia a todo, a túa xeración —e tampouco a miña— nunca ti vo problemas para satisfacer as apetencias sexuais. Cando a fornicación se facía sen papeis, había palleiros no inverno e agras de centeo para as noites de verán, causando aqueles estropicios de que se mofaban os pícaros castróns do teu debuxo. Isto polo que se refere ao consumo erótico fornecido por vía de intercambio. Pero ambos sexos coñecían tamén á perfeición —en aprendizaxes nas escolas— o pracer do auto-servizo. A práctica da modalidade individual recibía o nome de solitarios: para o vulgo, xogos, e, para o confesor, pecados. A historia atribúe a Onán o invento da masturbación. A patente é súa, non cabe dúbida. Mais o descubrimento dela, opino eu, debeu de ser anterior á aparición do homo sapiens e, por coerencia semántica, coñecida e practicada polo homo erectus. Xa me dirás, querido amigo, cando a parella orixinal foi expulsada do Edén, sen

proxenie feminina acreditada nos empadroamentos bíblicos, de que maneira se apañou Caín —morto Abel e inmaduro Set— para complacer e liberarse das servidumes do instinto.

E vén agora a Administración galega metendo esta vella disciplina na súa reforma educativa? Parodiando o clásico aforismo que reza: “O que a natureza non dá, Salamanca non empresta”, conclúo eu que o obradoiro non ensina o que o instinto non demanda. É esta a nova “Rota Ho-Chi-Minh” escollida para levar a luz nacionalista á mocidade? Mágoa profunda, vállame Deus. Mágoa profunda que organizacións nadas para seren vangarda das clases populares —dos labregos, obreiros, mariñeiros— vaian derivando en vangarda do ridículo. E tanta ermanza por decruar no terreo cultural, ideolóxico e político.

Hai extremos que eu descoñezo, por servirme exclusivamente das informacións subministradas pola prensa. De momento, os obradoiros dos que temos noticia son só para mulleres. Será por fidelidade ao criterio de discriminación positiva. Se así non fose, podería revelar unha androfobia perigosa para a perpetuación da especie. Ignoro tamén se os temarios nos leccionados por monitores ou monitoras, e se no futuro haberá obradoiros para homes. Obradoiros mistos, de nengunha maneira, non sexa o demo que os aprendices rachen os apontamentos e acorden facer as cousas pola vella. Tampouco sei se con eles se pretende estimular unha sexualidade inapetente, causante do descenso demográfico actual. Vidroso asunto, xa desenvolvido no seu tempo por Fernández Flórez na súa novela *Las siete columnas*. Sexa como queira, do noso nomenclator pronto van desaparecer as Carmiñas e Marías, ocupando o canto delas —por iso da paternidade— abundancia de Consolos ou Consolacións. Do meu punto

de vista, para maior transparencia da xestión e investimentos públicos, cada cursiño debería rematar con avaliacións finais e outorgamento de diplomas.

Perdóame, amigo, que envólvese a nova que hoxe che transmite en reflexións moralizantes. Que impudicamente confiase ao papel intimidades que antes nunca saíran da alcoba. Como ves, estoume contaxiando tamén da fachenda post-moderna da progresía. Como cambiaron os tempos! Antes, os labregos de Nebra manifestábanse contra os foros brandindo o fouciño. Agora abundan manifestacións totalmente en coiros, sen eximentes para nengunha das partes pudendas. Claro que os traballadores ocupaban as rúas para esixiren xustiza. Os progres de hoxe en día fanno para protestaren contra a caza do raposo, ou tan só para poxar en oferta pública as súas dotes xenitais.

Non te canso máis coas miñas divagacións, pois sabes, ademais, que o correo secreto que nos serve de contacto ten limitada a extensión dos nosos escritos. Saúdos a Bóveda e unha aperta moi forte para Moncho Reboiras. Au revoir”.

Epílogo: Estou seguro de que o lector se decatou de que o título deste artigo é un plaxio descarado da Epístola moral a Fabio, carta versificada en tercetos encadeados e metro endecasílabo, que o capitán Fernández de Andrada lle enviou a Tello de Guzmán, correixidor en México. A realidade é que a miña intención inicial era outra: lamentar, como fai Rodrigo Caro na “Canción a las Ruinas de Itálica”, o derrube dunha fortaleza construída co sacrificio de moitos patriotas. E o castelo que non logrou asaltar a Ditadura pode virse abaixo polo mel que a democracia depositou na culler dos sentinelas. Troquei de idea. Optimista até o suspiro derradeiro, penso que aínda estamos a tempo de restaurar a casa petrucial.



BAUTISTA ÁLVAREZ

Good morning, Lenin!

[Xoán Carlos Garrido Couceiro]



A revolución desde abaixo é unha obviedade (os de arriba non van a facer a revolución) ou é un absurdo (querer quedarse abaixo, renunciar á conquista do poder), mais é un dos argumentos habituais dos que Lenin chama os “anticúpulas” polo que quizais se deba interpretar a consigna en clave interna, isto é, só se trata do rexeitamento por principio dos dirixentes polo simple feito de selo. O que non desagrade a algún cargo pois mentres a crítica se desvía á posición que ocupa non se meten co que fan e sobre todo non se senten ameazados polo reto que suporía que alguén gorentase a súa cadeira por considerar que o podía facer mellor. Consecuencia: desestruturación da loita.

E citamos a Lenin porque este autor xa tiña refutado hai tempo esta doutrina de cuspir para arriba mentres un se abriga nalgún que-facer illado e fragmentado no que realizar a súa moralidade, case podemos dicir a súa santidade, se seguimos a Toni Negri e o seu referente revolucionario: San Francisco de Asís. Mais parece que recorrer a Lenin hoxe resulta de mal gusto e algúns dos que andaban con el na boca hai tempo, agora, se tropezan casualmente na casa con algún vello panfleto da década dos 70, quedase sorprendido ao topar nel o seu rostro e preguntase: “que é o queríamos entón?”. Mais non logra recordalo.

Esquecer a Lenin obrigaríanos a empezar de novo, partir de cero, abrir debates xa superados, perder máis tempo, enredarse en discusións xa resoltas, ter que inventar categorías que substitúan a un acervo común consolidado: liquidacionistas, desviacionismo, oportunismo, revisionismo, esquerdismo infantil, etc.

En vida trataron insistentemente esculpir un busto de Lenin e ao fin o tallista tivo que amañarse de xeito imaxinativo, tendo en conta que o modelo non lle paraba quieto. Unha vez morto, certo é que conseguiron momificalo e a súa imaxe foi usada para cousas ben estrañas: hoxe, por exemplo, é unha atracción turística nos balados do Kremlin. Gorbachov ven de propoñer que o saquen da Praza Roxa e, en definitiva, sostén que hai que botar terra ao asunto. Mais coa relevancia que teñen os símbolos, o derrube de estatuas e queima de retratos non é o que paraliza a acción por falta de referentes teóricos ou o que nos empuxa a actuar sen pensar. Isto é debido ao repudio da súa obra. E un dos perigos do antileninismo

campante é a súa concepción dos movementos sociais (MS) como substitutivos dos partidos e o seu desprezo polo papel destes para entrelazar as loitas populares cara a conquista do poder.

Neste contexto do bicentenario da “guerra da independencia”, o sistema insiste en celebrar a espontaneidade das masas fronte á loita organizada e ben dirixida dos pobos. Hai 200 anos xa se queixaba o Duque de Wellington, que guiou ao exército angloportugués que liberou a península, de que a manía de adxudicar as vitorias aos bandoleiros e ao pobo desarmado só servía para ralentizar o necesario artellamento dun exército regular capaz de derrotar a Napoleón. A mitoloxía de Agustina de Aragón disfrazaba a derrota e mesmo as batallas gañadas, como a de Bailén, só contribuían a unha maior relaxación, o autoengano e a distorsión da realidade.

Non foi esa percepción desagradecida e suicida a de Rosalía -tan inclinada a cantar méritos populares- que non tivo inconveniente en lembrar o que significou Sir John Moore e do acompañamento necesario que estes líderes precisan nunha loita emancipadora: “Soio no está no seu sepulcro; un pueblo/ co seu respecto compasivo vela/ polo estranxeiro a quen traidora morte/ fixo fincar lonxe dos seus, i a alleos/ vir a pedir o derradeiro asilo”

Fálasenos da revolución española do 1808 e da de maio do 68. Mais nin unha nin outra tiveron éxito nin foron tales revolucións, desestruturadas e desorientadas. Con todo, é certo que non son os partidos os que fan as revolucións, son os pobos. Mais, que é un pobo? Un pobo descabezado non é un pobo, é unha multitude de individuos. Un pobo fundido e confundido nun Führer é un rabaño. Un pobo tampouco é tal si se desintegra en milleiros de movementos sociais inconmensurábeis. Un pobo é pobo cando é suxeito capaz de recoñecer a súa composición plural e construír na súa diversidade puntos de encontro con obxecto de acumular forzas suficientes para mellorar colectivamente as súas condicións de vida, institucionalizando cada conquista e aprendendo da tradición de cada loita levada a cabo. O labor dun partido é facer pobo onde non hai máis que un amoado informe. E como se fai iso? Non hai “produtos milagre” nin palabras máxicas para conseguilo, agora ben, quen queira saber como facelo non pode permitirse o luxo de comezar cun “Good bye, Lenin!”